



ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS

ESTATUTOS

DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E PROFESIONAL, DURACIÓN, DOMICILIO E FINS.

Artigo 1º • O amparo da lei 19/77 do 1º de abril, reguladora do dereito de Asociación Sindical, constitúese a ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS.

Artigo 2º • A ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS, terá ámbito na Comunidade Autónoma de Galicia, integrando ás persoas que voluntariamente soliciten a súa afiliación e reúnan as condicións legais esixidas para ser consideradas artesáns, contempladas na Lei 1/1992 do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia.

Artigo 3º • A Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 4º • A Asociación terá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar necesaria para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 5º • A Asociación fixa o seu domicilio no Camiño da Igrexa número 38 baixo, da cidade da Coruña, sen prexuízo de que a Xunta Directiva poida acordar en calquera momento, o cambio a outro lugar, así como establece-las delegacións e representacións que considere convintes. Os posibles cambios comunicaránse ó IMAC.

Artigo 6º • Constitúen os fins da Asociación:

- a) A representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos seus afiliados.
- b) Fomenta-la solidariedade dos artesáns afiliados, pro-

mocionando e creando servicios comúns de natureza asistencial.

- c) Programa-las actividades necesarias para conseguir melloras sociais e económicas para os seus afiliados.
- d) Organizar un labor constante, formativo e de promoción cultural dos seus afiliados.
- e) A relación con Organismos Nacionais e Internacionais para un mellor desenvolvemento dos intereses do Sector Artesanal.
- f) Calquera outro de natureza semellante.

DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN

Artigo 7º • Poderán afiliarse á Asociación as persoas que residan no ámbito territorial desta e que reúnan as condicións profesionais ás que se refire o Artigo 2º, coa única condición de acata-los presentes Estatutos, dirixindo solicitude por escrito á Xunta Directiva.

Artigo 8º • O ingreso na Asociación será voluntario e, en calquera momento, poderán os membros deixar de pertencer á mesma notificándoo por escrito á Xunta Directiva cunha antelación de dez días á data da baixa. As altas e as baixas faranse constar nun libro para tal efecto.

Artigo 9º • A afiliación á Asociación leva inherente o pago da cuota que se fixe pola Asamblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, de conformidade cos presentes Estatutos. A nomeada cuota aplicarase por igual a tódolos membros da Asociación.

Artigo 10º • A Xunta Directiva da Asociación poderá acordar-la expulsión dalgún dos seus membros, por algunha das seguintes causas:

- a) Incumprimento das obrigas establecidas nos Estatutos.
- b) Incumprimento dos acordos adoptados pola Asamblea Xeral ou pola Xunta Directiva na esfera das súas respectivas competencias.
- c) Incumprimento das obrigas económicas que para o mantemento da Asociación se establecesen estatutariamente.

Contra o acordo de expulsión, o asociado poderá apelar fronte á Asamblea Xeral.

Artigo 11º • Son dereitos dos asociados:

- a) Elixir e ser elixidos para postos de representación e cargos directivos da Asociación, conforme as normas electorais pertinentes.
- b) Participar e ser escoitado na consideración de cantos problemas de carácter particular ou xeral afecten á súa profesión ou oficio.
- c) Utiliza-los servicios técnicos ou asistenciais, de protección, asesoramento de carácter profesional, económico e social que poida facilita-la Asociación.
- d) Tódolos asociados terán dereito a coñece-la situación económica da súa Asociación.
- e) En xeral, calquera outro dereito derivado dos presentes Estatutos.

Artigo 12º • Son deberes dos asociados:

- a) Participar na elección de representantes e dirixentes dos Organismos de Goberno.
- b) Cumpri-los acordos da Asociación validamente adoptados.
- c) Satisface-las cuotas que se establezan para o mantemento da Asociación.
- d) Respetar-las normas da Asociación encamiñadas a mante-la calidade e dignidade creativa e técnica do traballo.
- e) Con carácter xeral, cantos deberes se poidan esixir de conformidade cos presentes Estatutos.

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 13º • O Goberno da Asociación estará a cargo da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.

Artigo 14º • A Asamblea Xeral está constituída por tódolos asociados.

Artigo 15º • A Asamblea Xeral, validamente constituída, é o órgano soberano da Asociación, e os seus acordos adoptados segundo estes Estatutos, son obrigatorios para tódolos afiliados.

Artigo 16º • As Assembleas Xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias. A Asamblea Xeral Ordinaria terá lugar unha vez ó ano, e a Extraordinaria sempre que sexa requerido pola importancia do tema, previo acordo da Xunta Directiva, ou a petición dun vinte por cento dos Asociados.

Artigo 17º • As Assembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias convocaranse por comunicado do Presidente da Asociación mediante notificación persoal e escrita a tódolos afiliados, con quince días naturais de antelación á data fixada para a xuntanza, expresándose, se procedese, a data e hora na que será a xuntanza en segunda convocatoria.

A comunicación da convocatoria consignará o lugar, local, data e hora na que se celebrará a Asamblea e os asuntos a tratar, segundo a Orde do Día acordada pola Xunta Directiva.

A Xunta Directiva, no apartado de rogos e preguntas, recollerá tódalas propostas que se formulen polos afiliados, mediante petición escrita, tres días antes da data da xuntanza.

Así mesmo, por razóns de urxencia, poderán debatirse cuestións plantexadas no curso da reunión, se así o decidise un mínimo do vinte por cento dos asistentes á mesma.

Artigo 18º • A Asamblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando estean representados a metade máis un dos membros, e, en segunda, calquera que fose o número dos asistentes.

Artigo 19º • A presidencia de tódalas Assembleas corresponde ó Presidente da Asociación, e, en ausencia deste, ó Vicepresidente.

A mesa da Asamblea quedará integrada polo Presidente da Asociación, o Vicepresidente, o Secretario e o Tesoureiro da Xunta Directiva. Os acordos que adopte a Asamblea Xeral serán por votación da maioría simple, salvo naqueles casos nos que estes Estatutos esixen maioría cualificada.

A modalidade das votacións quedará a criterio da propia Asamblea. Cada afiliado ten dereito a un voto.

Artigo 20º • Son funcións e competencias da Asamblea Xeral:

- a) Adoptar acordos relativos á representación, xestión e defensa dos intereses da Asociación e dos seus afiliados.
- b) Aproba-los programas e planos de actuación.
- c) Elixir e revoca-lo mandato dos membros da Xunta Directiva e do presidente da Asociación, así como de fixa-la duración do mesmo.
- d) Coñece-la xestión da Xunta Directiva.
- e) Fixa-las cuotas que teñan que satisfacen-los afiliados, de conformidade coas propostas que elabore a Xunta Directiva.
- f) Aproba-los presupostos e liquidación de contas.
- g) Aprobar ou reforma-los Estatutos.
- h) Acorda-la disolución da Asociación.
- i) Coñecer e resolve-las reclamacións e recursos formulados polos asociados.

Artigo 21º • Levantarase acta das reunións da Asamblea Xeral, estendéndose un libro ó efecto, asinadas polo Presidente e o Secretario.

Artigo 22º • A Xunta Directiva é o órgano encargado da dirección, goberno e administración da Asociación. Estará integrada por un máximo de 10 e un mínimo de 5 asociados, elexidos pola Asamblea Xeral, en votación libre e secreta.

Artigo 23º • O proceso electoral será regulado de conformidade coa normativa que sinala o proceso para cada convocatoria a Asamblea Xeral debendo quedar garantidos en todo caso, os principios de publicidade, igualdade de oportunidades, liberdade de presentación de candidaturas e libre determinación na emisión de votos.

Artigo 24º • A Xunta Directiva reunirse, en sesión ordinaria, polo menos unha vez ó trimestre. Tamén se reunirá, en

sesión extraordinaria, cando o solicite a terceira parte dos seus compoñentes ou o decida o Presidente pola súa propia iniciativa.

O Presidente da Xunta Directiva, que será o da Asociación, convocará ós seus membros, sempre que sexa posible, con oito días naturais de antelación á data fixada para a xuntanza, con remisión da Orde do Día, comprendendo os asuntos a tratar. Por razóns de urxencia poderanse tratar asuntos non comprendidos na mesma.

Artigo 25º • A Xunta Directiva considerárase validamente constituída cando asistan á reunión a metade máis un dos membros, e estean presentes o Presidente e o Secretario ou quen os substitúa.

Para adopción de acordos requirírase o voto favorable da metade máis un dos membros da Xunta Directiva asistentes.

As discusións e acordos das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias da Xunta Directiva, faranse constar en actas que asinadas polo Presidente e o Secretario levaranse ó correspondente Libro de Actas.

Artigo 26º • A Xunta Directiva terá as seguintes facultades e funcións:

- a) A execución e cumprimento dos acordos da Asamblea Xeral.
- b) Realizar e dirixi-las actividades da Asociación necesarias para o exercicio e desenvolvemento dos seus fins.
- c) Propoñer á Asamblea Xeral os programas de actuación xeral e específicos, e realiza-los xa aprobados, dando conta do seu cumprimento á Asamblea Xeral.
- d) Elixir entre os seus compoñentes ó Secretario e Tesoureiro da Asociación, así como ós seus respectivos suplentes.
- e) Presentar á Asamblea Xeral os presupostos, balances, liquidacións de contas e propostas de cuotas para a súa aprobación.
- f) Elabora-la Memoria anual de actividades, someténdoa para a súa aprobación á Asamblea Xeral.

g) Decidir en materia de cobros, ordes de pagos e expedición de libramentos.

h) Inspecciona-la contabilidade, así como a mecánica de cobros e pagos sen perxuízo das facultades do Tesoureiro.

i) Inspeccionar e velar polo normal funcionamento dos servicios.

j) Adoptar acordos referentes á contratación de bens e servicios, exercicio de accións e outorgamento de poderes.

k) Realizar informes e estudos de interese para os afiliados.

l) En casos de extrema urxencia, adoptar decisións sobre asuntos de competencia da Asamblea Xeral, dando conta do feito na primeira sesión que esta celebre.

ll) Cantas atribucións lle delegue a Asamblea Plenaria.

Artigo 27º • O Presidente da Asociación será elixido e revocado do seu mandato pola Asamblea Xeral e presidirá esta e a Xunta Directiva.

Artigo 28º • Son funcións e atribucións do Presidente:

a) Presidi-la Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

b) Dirixi-los debates e a orde das reunións.

c) Representar á Asociación, suscribir contratos, outorgar poderes e executar toda clase de accións, coa debida autorización da Xunta Directiva.

d) Render anualmente informe da súa actuación á Asamblea Xeral.

e) Proponer á Xunta Directiva o nomeamento de cargos técnicos que sexan necesarios para as actividades da Asociación.

f) En xeral cantas atribucións poidan corresponderlle de conformidade coas normas legais vixentes.

Artigo 29º • O vicepresidente da Asociación, que será elixido pola Asamblea Xeral, serán desta e da Xunta Directiva.

Sustituirá ó Presidente nas súas ausencias, e se se producise

a vacante deste, desempeñará a vacante da presidencia mentres non se realiza nova elección.

Artigo 30º • O Secretario da Asociación levantará acta das xuntanzas que celebren os órganos da mesma, e terá ó seu cargo a dirección do persoal e dos servicios. Levará o libro de Altas e Baixas de socios, e exercerá cantas misións se deduzan da súa condición de secretario.

Artigo 31º • O Tesoureiro da Asociación será elixido cos mesmos requisitos e formalidades que as previstas para o caso do Secretario.

Artigo 32º • Son misións principais do Tesoureiro:

a) Recaudación e custodia dos fondos da Asociación.

b) Leva-la contabilidade da Asociación.

c) Abona-los libramentos e as facturas, previstas as oportunas autorizacións.

d) Presentación de Balances.

e) Cantas outras se deduzan da súa condición de Tesoureiro.

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 33º • Os recursos económicos da Asociación estarán integrados por:

a) As cuotas dos membros da Asociación.

b) As donacións e legados en favor da mesma.

c) As subvencións que pidan serlle concedidas.

d) As vendas dos seus bens e valores.

e) Calquera outro recurso obtido de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.

Artigo 34º • O funcionamento económico da Asociación regularase en réxime de Presuposto:

a) O presuposto ordinario será a expresión cifrada das obrigacións contraídas durante un ano en relación cos servicios a manter pola Asociación, así como o cálculo dos recursos e medios de que dispoñen para cubrir aquelas atencións.

b) Previas as autorizacións que correspondan, poderá establecerse un Presupuesto especial, independente do ordinario, cando por tratarse de actividades económicas separadas das funcións ordinarias da Asociación ou pola índole dos servizos a satisfacer e a procedencia dos recursos conveña verifica-la atribución de gastos e ingresos destinados a atencións xerais doutros que este-an afectados a necesidades específicas.

c) A dotación de obras e servizos non incluídos nos presupostos do apartado anterior, poderán ser obxecto de presupostos extraordinarios.

Artigo 35º • A Xunta Directiva determinará as normas para a Administración e contabilidade, sendo ordenador de pagos o Presidente da Asociación.

O Tesoureiro intervirá tódolos documentos de cobros e pagos, supervisará a Contabilidade, e coidará da conservación de tódolos fondos na forma que dispoña a Xunta Directiva.

A Asamblea Xeral arbitrará as medidas necesarias para que os asociados poidan coñecer-la situación económica da Asociación.

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 36º • A Asociación disolverase cando o acorde a Asamblea Xeral co voto favorable dos dous tercios dos afiliados.

No acordo de disolución establecerase o destino que haxa de darse ós bens, dereitos, instalacións e servizos da Asociación que puidesen quedar despois de atendidas as obrigas pendentes.

Artigo 37º • De non acordarse outra cousa pola Asamblea Xeral, actuarán de liquidadores os membros da Xunta Directiva.

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 38º • Os presentes Estatutos poderán ser modificados en virtude de acordo da Asamblea Xeral, co voto favorable dos dous tercios dos afiliados .

O proxecto de modificación deberá ser proposto, polo menos, por unha terceira parte dos asociados ou pola Xunta Directiva, e será remitido a tódolos membros da Asociación cunha antelación mínima de 20 días.



ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS

Camiño da Igrexa 38 · E-15009 A Coruña

Tlf. 981 293 688 · fax 981 133 569

CIF G -15128275

www.galegadeartisans.org

asociacion@galegadeartisans.org